

As asociacións de escritores estudan un novo modelo de mínimos para propoñer aos editores

A Asociación de Escritores en Lingua Galega ten pendurados na súa web algúns modelos de contratos para os escritores. Segundo o presidente desta asociación, Cesáreo Sánchez Iglesias, nestes meses estase a redactar un novo modelo de contrato para os dereitos de autor ao que a asociación galega vai a sumarse.

Segundo Sánchez Iglesias, na vindeira semana as distintas asociacións de escritores manterán unha reunión para fixar algunha das cláusulas dese contrato que será negociado a posteriori coas asociacións de editores e que debería servir para rexer as relacións entre as dúas partes.

Entre outras cousas, apunta o

presidente dos autores galegos que haberá cláusulas como que as editoras non poderán firmar dereitos para libros de peto cando as tiraxes son inferiores aos 1.500 exemplares, teña o libro a tipoloxía que teña.

Este convenio, que está sendo liderado pola asociación de autores cataláns, será negociado a nivel estatal de maneira que a súa entrada en vigor cando se superen as negociacións coas asociacións de editores de todo o ámbito estatal debería amparar a todos os escritores que traballan no Estado español.

Sánchez Iglesias considera



Sánchez preside a asociación de escritores

que a situación dos dereitos de autor é melloorable, pero explica que nese novo modelo de contrato algunhas das circunstancias máis prexudiciais para os autores quedarán superadas en canto se acepte este novo modelo.

Noutro sentido, explicou o presidente dos escritores galegos que unha vez que este «contrato sexa aceptado polas partes a nivel estatal será válido para todos e non ten sentido que nos poñamos a negociar por separado cada unha das asociacións respectivas coas asociacións de editores de cada ámbito territorial».